



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Literatura Galega Contemporánea | Código | 613G01033 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | |
| Web | www.udc.es/filo | | | |
| Descrición xeral | Estudo, a través dos textos, da produción literaria galega do século XX á actualidade. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|-----|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega dos séculos XX e XXI. | A1 | B8 | C1 |
| | A11 | B11 | C3 |
| | A12 | B25 | C6 |
| | A22 | | |



| | | | |
|--|--|-----------------------------|----------------------|
| Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos. | A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A14 A15 | B1 B2 B7 B9 | C1 C4 C6 |
| Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma | A3 A4 A7 A11 A14 A15 | B1 B3 B5 B7 B8 | C1 C4 C6 |
| Aplicar as técnicas de análise cultural considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos | A1 A2 A3 A4 A7 A9 A11 A14 A15 | B1 B3 B7 B8 | C1 C4 C6 |
| Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos da creación literaria. | A2 A4 A10 A11 A15 | B1 B2 B3 B4 B6 | C4 C6 C8 |
| Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués. | A7 A11 A14 A15 | B3 B5 B7 B8 B10 | C1 C4 C6 C8 |
| Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais. | A4 A7 A10 A11 A14 A15 | B5 B7 B8 B9 B10 | C1 C6 C8 |

| Contidos | |
|-------------------------------------|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A literatura galega no século XX | 1.1. Caracterización, periodización. 1.2. Cuestións metodolóxicas. |



| | |
|--|---|
| 2. O tempo das Irmandades da Fala. | 2.1. Contexto histórico e ideolóxico. Caracterización xeral. 2.2. As liñas de actuación cultural das Irmandades: ampliación e consolidación do sistema literario. 2.3. Grupo Nós 2.4. Xeración das Vanguardas. |
| 3. A literatura de posguerra e o exilio nas dúas beiras do Atlántico: continuidade e ruptura | 3.1. A Guerra Civil e a posguerra en Galiza. 3.2. A literatura e a cultura galegas na emigración e no exilio. |
| 4. A recuperación literaria no interior a partir de 1950. | 4.1. A reconstrución do sistema literario: axentes editoriais e actividade cultural. 4.2. Principais autores e autoras. Grupos e movementos. |
| 5. Da década de oitenta á actualidade. | 5.1. A irrupción das autoras e a renovación dos discursos. 5.2. Diversificación xenérica e últimas tendencias. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B5 B8 B9 B10 C4 C6 | 11 | 11 | 22 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C1 | 2 | 26 | 28 |
| Traballos tutelados | A1 A12 A1 A3 A4 A22 B8 B11 B4 | 6 | 1.5 | 7.5 |
| Lecturas | A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C4 C8 | 1 | 25 | 26 |
| Análise de fontes documentais | A11 A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B25 C1 C3 C6 C1 C6 | 9 | 12 | 21 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Presentación por parte da profesora das liñas xerais de cada un dos temas contemplados no programa da materia co enfoque previsto no descriptor. Será avaliábel a asistencia activa ás aulas teóricas presenciais en que se presentarán conceptos e estratexias que posteriormente se desenvolverán nas sesións prácticas e cuxo coñecemento será esixido para a superación do curso. |
| Proba mixta | Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas. |
| Traballos tutelados | Traballo individual sobre algunha das obras de lectura obrigada. As súas dimensións e temática serán acordados coa profesora. |



| | |
|-------------------------------|--|
| Lecturas | Lectura obrigada dos textos literarios indicados no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que a profesora indique na aula. As lecturas representan, xunto ás prácticas de comentario, unha das actividades principais do curso e, como tal, serán avaliadas. |
| Análise de fontes documentais | A profesora iniciará a análise e o comentario das obras literarias incluídas na programación, así como de textos críticos, historiográficos ou xornalísticos, e solicitará do alumnado a realización de comentarios individualizados segundo as pautas establecidas. Previamente, o/a estudante deberá ler e preparar os textos de forma individual. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|------------------------------------|--|
| Proba mixta Traballos tutelados | A profesora orientará os e as estudantes na preparación da presentación oral, da proba mixta e en calquera outra cuestión sobre a que o/a estudante solicite orientación. A atención persoal poderá ser presencial, no horario previsto a estes efectos, ou a través do correo electrónico. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------------|---|--|---------------|
| Lecturas | A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C4 C8 | As lecturas obrigatorias representan unha das actividades principais do curso polo que deben ser realizadas en tempo para poder participar de forma efectiva nas sesións e, tamén, para levar a cabo a presentación oral. O control das lecturas poderá realizarse mediante preguntas ou comentarios nas sesións presenciais ou cunha parte específica dentro da proba mixta. | 20 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C1 | Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tantos nas sesións maxistras como nas de análise documental, e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas. | 40 |
| Análise de fontes documentais | A11 A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B25 C1 C3 C6 C1 C6 | A profesora porá a disposición do alumnado os materiais obxecto de análise. O alumnado deberá ler e analizar estes materiais e participar na exposición das súas conclusións na aula. | 20 |
| Traballos tutelados | A1 A12 A1 A3 A4 A22 B8 B11 B4 | Traballo individual sobre algunha das obras de lectura obrigada. As súas dimensións e temática serán acordados coa profesora. Nel se valorarán o contido, a presentación, así como o uso correcto da bibliografía. | 20 |

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Ademais, todas as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...).

Na segunda oportunidade, deberanse presentar/realizar as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, e e aprobar a proba mixta.

Terá a calificación de "non presentado" quen non realice o 50% das actividades.

O/a estudante con dispensa académica deberá porse en contacto coa profesora enviando un correo electrónico a laura.tato@udc.gal.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle)-----Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información

Bibliografía básica

- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega, 5 vols.. Vigo, A Nosa Terra
 - Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega S. XX. Vigo, A Nosa Terra
 - Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo, Galaxia
 - Lourenzo, M. / Pillado Mayor, F. (1987). Dicionario do teatro galego. Sotelo Blanco, Barcelona
 - Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da literatura galega III. Vigo, Xerías
 - Tarrío, A. (1997). Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo, Xerais
 - Tarrío, A. (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV). A Coruña, Hércules de edicións
 - Tato Fontaiña, L. (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936 . A Nosa Terra, Vigo
 - Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo, Galaxia
 - Vilavedra, D. (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo, Galaxia
- OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA: - A. R. CASTELAO (1922): RetrincosR. OTERO PEDRAYO (1929): A lagaradaÁ. CUNQUEIRO (1958): O incerto señor Don Hamlet, príncipe de DinamarcaM. REIMÓNDEZ (2006): O club da calceta

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: laura.tato@udc.gal



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías